

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016**  
**ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL**  
**QUENDA LIBRE**  
**2º EXERCICIO**  
**23/01/2019**

**SUPOSTO Nº 1**

A Administración municipal pretende a renovación da urbanización dun tramo da Rúa García Barbón. Faise entrega de orzamento e planos do proxecto construtivo municipal de humanización.

Se solicita:

- 1) Indicar os tipos de cálculo e as bases regulamentarias para levar a cabo o dimensionamento das actuacións proxectadas no relativo ás redes de servizos e pavimentacións.
- 2) Calcular e xustificar a clasificación do contratista que se debe esixir aos licitadores suposto a posibilidade de modificado ata un 20% do orzamento do proxecto, segundo criterios recollidos no prego de licitación.

**SUPOSTO Nº 2**

Preténdese a mellora na urbanización do polígono de Bouzas. As obras previstas consisten en:

- Execución de peche perimetral de altura total 2,05m e 2,22m en portalóns de acceso, adosado polo exterior a peches existentes, executado con perfís metálicos. Realización de tramos novos de cimentación para peches.
- Execución de edificación para control de accesos composta dunha planta e cunha superficie de ocupación de 44,00m<sup>2</sup>
- Execución de muros de contención e rampa de acceso a planta soto de edificación existente destinada a uso administrativo.
- Execución de muros de contención e rampa de acceso peonil no linde sur da parcela.
- Creación dunha zona verde de esparcemento.
- Execución de obras de urbanización das parcelas relativas a pavimentación, instalacións de abastecemento de auga, instalación de recollida e almacenamento de pluviais, instalacións de alumado exterior, instalación de rego e mellora nas instalacións de protección contra incendios.
- Elementos de sinalización do tráfico.

Se solicita:

- 1) Revisión da documentación achegada polo solicitante, indicando as deficiencias no seu caso.
- 2) Revisión do cumprimento das condicións de accesibilidade das obras do acceso sur de peóns e bicicletas.
- 3) Revisión do cumprimento das condicións de protección contra incendios das obras de edificación propostas.
  
- 4) Identificación e clasificación dos posibles residuos xerados polas obras.
- 5) Debuxar un esquema posible de sinalización do tráfico dos viais interiores do polígono

Achégase para a realización do exercicio:

- 1.- Documentación aportada polo solicitante
- 2.- Planos de ordenación urbanística.